Concello de
Vimianzo

**MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 28/02/2015**

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinte e oito de febreiro de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:
D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.ª María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. Manuel Soto Pérez
D.ª Mónica Rodríguez Ordoñez
D.ª María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Silva Jallas
D.ª Mª Dulzura Quintáns Fidalgo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.ª Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:
D. Juan Carlos Amado Sambade

Secretaria: D.ª María Cristina Varela García
Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

**1. Aprobación das actas das sesións ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2015 e extraordinaria celebrada o 17 de febreiro de 2015.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Quedan aprobadas as actas das sesións ordinaria do 31 de xaneiro de 2015 e extraordinaria do 17 de febreiro de 2015 ao non formularse observacións.

**2. Bonificación do 95% do ICIO e taxa por licenza urbanística para as construcións, instalacións e obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de febreiro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o 24 de febreiro de 2015, que se transcribe literalmente:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: bonificación do ICIO solicitada por Salgado Frutas, S.L., Martínez y Villar, S.C., e Materiales de construción Pérez Rey, S.L.**

Praza do concello, nº 6 | Nº R.E.L. 01150927 | Tel 981716001 | correo@vimianzo.gal
15129 – Vimianzo (A Coruña) | C.I.F. P-1509300-H | Fax 981716650 | www.vimianzo.gal

Vista a solicitudes de licenza de obras e actividade no polígono industrial de Vimianzo que se relacionan:

- Salgado Frutas, S.L., para obras de acondicionamento de nave para manipulado de froitas situada na parcela I-11 (expete. Nº 2014/U008/000039), con rexistro de entrada nº 9063, presentada o 11/11/2014;
- Martínez y Villar, S.C., para obras de construción de nave destinada a taller de reparación e mantemento de equipamentos de hostelería na parcela H-7 (expte. Nº 2015/U008/000003), con rexistro de entrada nº 226, presentada o 11/01/2015;
- Materiales de construción Pérez Rey, S.L., para obras de construción de nave destinada a almacenaxe de materiais de construción na parcela G-7 (expte. Nº 2015/U008/000004), con rexistro de entrrada nº 783, presentada o 30/01/2015;
- Materiales de construción Pérez Rey, S.L., para obras de construción de nave destinada a almacenaxe de materiais de construción na parcela F-11 (expte. Nº 2015/U008/000005), con rexistro de entrrada nº 784, presentada o 30/01/2015.

1Vistos os informes favorables da intervención municipal, que constan en cada un dos expedientes.

Considerando o disposto no artigo 103.2 a) do Texto refundido da lei de facendas locais:
*2.As ordenanzas fiscais poderán regular as seguintes bonificacións sobre a cota do imposto: a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do "Imposto de construccións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo" (BOP nº 175 do 15 de setembro de 2014), que no apartado terceiro do artigo 6º establece a seguinte bonificación:

*"Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construcción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo."*

Visto o anteriormente exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder unha bonificación do 95% no Imposto de Construccións, Instalacións e Obras en relación coa licenzas de obra no polígono industrial de Vimianzo por ser de especial interese municipal, que a continuación se relacionan:

- Salgado Frutas, S.L., para obras de acondicionamento de nave para manipulado de froitas situada na parcela I-11 (expete. Nº 2014/U008/000039), con rexistro de entrada nº 9063, presentada o 11/11/2014;

- Martínez y Villar, S.C., para obras de construción de nave destinada a taller de reparación e mantemento de equipamentos de hostelería na parcela H-7 (expte. Nº 2015/U008/000003), con rexistro de entrada nº 226, presentada o 11/01/2015;
- Materiales de construción Pérez Rey, S.L., para obras de construción de nave destinada a almacenaxe de materiais de construción na parcela G-7 (expte. Nº 2015/U008/000004), con rexistro de entrrada nº 783, presentada o 30/01/2015;
- Materiales de construción Pérez Rey, S.L., para obras de construción de nave destinada a almacenaxe de materiais de construción na parcela F-11 (expte. Nº 2015/U008/000005), con rexistro de entrrada nº 784, presentada o 30/01/2015.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo aos servizos económicos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos."

O alcalde indica que se segue o acordo adoptado polo Pleno da Corporación de bonificar o ICIO e taxa, que se pode considerar incluso como unha subvención do concello ás empresas que pretenden instalarse. Agarda que SEA, propietaria do parque, faga a súa parte e abarate o prezo das parcelas.

O Sr. Miñones Riveiro mostra o seu apoio a este punto.

O voceiro de IxV manifesta que se sinte realmente contento cando traen estes asuntos ao Pleno, pois estas bonificacións aprobanse grazas a unha moción do seu grupo e polo tanto van apoialas. Aproveita o tema para pedir que dende o concello se faga unha promoción máis activa do parque empresarial.

O Sr. Silva Jallas (en ausencia do voceiro, Sr. Amado Sambade) di que van aprobar a proposta.

O Sr. Rodríguez Blanco di que van apoiar a proposta, e pide ao goberno que se intenten subsanar as deficiencias do parque, que parece ser que lle corresponde aos propietarios. Quere saber como están os temas de sumidoiro e alumeados e pregunta que lle falta a Frutas Salgado para poñer en marcha a actividade.

O alcalde sinala que as bonificacións foron aprobadas polo Pleno neste mandato, non no anterior no que gobernaba o candidato de IxV. Critica a reunión de varios alcaldes da zona en Madrid, sen contar co alcalde de Vimianzo, pero afirma que é o polígono vimiancés o que tira para adiante. Lembra que o primeiro roubo de cableado no parque tivo lugar sendo concelleiro de obras o Sr. Rodríguez Blanco, no anterior mandato, e cando se repuxo non se preveu un sistema anti-roubo. Sinala que hai un ano remitiron un informe de deficiencias da obra de abastecemento de auga ao polígono, que lle contratou Augas de Galicia a Aquagest, e esta semana, despois de numerosas chamadas, viñeron. Nega que haxa problemas respecto do saneamento, outra cousa é que a certas actividades se lles esixan medidas correctoras.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión informativa, que queda elevado a acordo nos seus propios termos.

**3. Aprobación do III Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Vimianzo.**

A Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción da Igualdade, reunida o 24 de febreiro de 2015, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Aprobar o III Plan para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Vimianzo.

O alcalde explica que a desigualdade é evidente na sociedade, e sobre todo se manifesta entre homes e mulleres. Trátase de aprobar un marco para que o goberno de turno aprobe as políticas de igualdade.

O Sr. Miñones Riveiro dalle o visto bó ao plan e felicita aos servizos sociais e a tódolos axentes que interviron. Considera que son as nosas actitudes cotiás as que debemos cambiar.

O Sr. Soto Pérez afirma que nos catro anos que leva como concelleiro, a comisión na que máis a gusto se sentiu foi na de Igualdade e Benestar social. Pídelle ao goberno que adiquen os esforzos económicos necesarios para que se lle dea contido e efectividade a este plan.

O Sr. Silva Jallas di que van apoiar.

O Sr. Rodríguez Blanco di que van apoiar esta proposta e quere saber con que partida orzamentaria se conta para desenvolver este plan.

O alcalde afirma que a política do seu goberno sempre foi moi activa para eliminar a desigualdade, empregando linguaxe non sexista e apostando polas mulleres na política económica e social. Aclara que este plan non é para executar este ano, é un marco, e claro que hai recursos para políticas de igualdade, porque se levan a cabo a diario. Invita ao concelleiro non adscrito a pasar polos servizos económicos para recabar a información que considere oportuna a respecto deste tema.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión informativa, que queda elevado a acordo nos seus propios termos.

**4. Elección do/a xuíz de paz substituto/a do municipio de Vimianzo.**

Dase conta do expediente tramitado para a elección de xuíz/a de paz substituto/a do municipio de Vimianzo, indicando que o expediente se iniciou por providencia da Alcaldía do 8 de xaneiro de 2015, con remisión de anuncio ao Xulgado de Corcubión, ao BOP (publicado no nº 10 do 16 de xaneiro de 2015), no xornal La Voz de Galicia o 21 de xaneiro e no taboleiro de anuncios e páxina web municipal o 27 de xaneiro de 2015. Indica que o prazo para presentar solicitudes, de quince días hábiles, computa dende a última publicación, polo tanto rematou o pasado 13 de febreiro de 2015.

Segundo consta no informe emitido polo funcionario do Rexistro, no prazo outorgado ao efecto presentaron solicitude dúas persoas:

- Dª. Cristina Martínez Pereiro presenta a documentación requirida e como méritos achega certificado do curso de perfeccionamento de lingua galega e certificación académica do ciclo formativo "Xestión administrativa" realizado no IES Terra de Soneira.
- Dª. Sonia Rodríguez Pazos, que presenta a documentación requirida e como méritos achega o título de Técnica Superior en Administración e Finanzas realizado no IES Terra de Soneira.

Ao non chegarse a unha proposta de consenso na Comisión Informativa de Réxime Interior, celebrada o 24 de febreiro de 2015, non consta ditame.

O alcalde propón que se empregue a votación secreta, de xeito que cada concelleiro marque nunha papeleta ao seu candidato.
O Sr. Soto Pérez pregunta se non debe acordarse previamente ese sistema de votación.
A secretaria responde que o RD 2568/1986 esixe a solicitude dun grupo municipal e a aprobación por maioría simple do sistema de votación nominal (art. 102.2), pero non establece nada ao respecto da votación secreta, indicando únicamente no artigo 102.3 que só se pode empregar para a elección ou destitución de persoas. Non obstante, manifesta que, ao seu xuízo, a necesidade dun acordo previo por maioría simple tamén se debe aplicar á votación secreta.

Sometido a votación a utilización da votación secreta para a elección de xuíza de paz substituta, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor, unha abstención (Sra. Vázquez Miñones) e un voto en contra (Sr. Rodríguez Blanco), que supoñen a maioría simple dos presentes, acorda empregar como sistema de votación a votación secreta.

Acto seguido, a secretaria reparte papeletas para cada un dos membros da Corporación, con indicación de que deben marcar cun "x" á candidata elixida, e meter a papeleta nun sobre.
Rematada a votación, o interventor accidental e a secretaria fan reconto de votos, co seguinte resultado: once votos para Sonia Rodríguez Pazos e un voto para Cristina Martínez Pereiro.
Por todo o cal resulta elixida xuíza de paz substituta Dª. Sonia Rodríguez Pazos.

**5. Resolución do expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Plano o 26 de maio de 2012.**

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O 26/05/2012 o Concello Pleno aprobou definitivamente o estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumen en Baíñas, redactado polo arquitecto D. Amancio Losada Vicente e promovido por D.ª Milagros Lobelos Casal e D. Carlos Manuel Vidal Redondo.
Dito acordo foi notificado aos solicitantes o 19 de xuño de 2012 (RS 2642).

II.- Os anuncios de aprobación definitiva foron publicados no BOP nº 146 o 2 de agosto e no DOG nº 167 o 3 de setembro de 2012.

III.- En cumprimento do disposto no artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, remitiuse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas certificación do acordo de aprobación definitiva do instrumento urbanístico, así coma copia autenticada de dous exemplares do mesmo, en data 27/09/2012 (RS 4036).

IV.- O 16 de outubro de 2012 (RE 7619) a Consellería require a este concello para que *"ó abeiro do disposto no artigo 92.5 da LOUG, anule, no prazo máximo dun mes, o acordo do Pleno de data 27 de maio de 2012."* Os motivos son os expostos nos fundamentos xurídicos do requirimento.

V.- O 22/10/2012 mediante providencia da Alcaldía (RS 4453) dáselle audiencia aos interesados, por un prazo de quince días hábiles. Foi notificada ese mesmo día.
Dita providencia foi comunicada á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (RS 4468).
Mediante providencia da Alcaldía de 22/10/2012 remitiuse o requirimento da Xunta de Galicia ao arquitecto municipal.

VI.- O 24/10/2012 solicitouse ampliación do prazo para cumprir o requirimento (un mes) á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (RS 4486).

VII.- O 08/11/2012 (RE 8236) D.ª Milagros Lobelos Casal presenta escrito de alegacións ante o concello.

VIII.- A Secretaria municipal emite informe o 15/11/2012, favorable á anulación.

IX.- O Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 24/11/2012, acordou retirar o asunto da orde do día, a fin de incorporar o informe do arquitecto municipal.

X.- O 26/11/2012 o Sr. Alcalde solicita informe técnico e xurídico á Deputación (RS 5107).
Na mesma data solicita informe ao arquitecto municipal.

XI.- O 29/11/2012 o Sr. Alcalde solicita á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo unha ampliación do prazo para atender ao requerimento (RS 5168).

XII.- O arquitecto municipal emite informe o 11/12/2012, no que sinala *"(...) En la resolución de la Sentencia General de 11 de octubre de 2012 se introducen criterios interpretativos que, como acabo de exponer, no tienen encaje si no se modo muy forzado en el ordenamiento urbanístico (cuando no son lisa y llanamente erróneos), haciéndolos pasar por fundamentos jurídicos. NO PUEDE ACEPTARSE, en mi opinión, exhibir dichos criterios como argumentos para requerir la anulación de un acuerdo al amparo del artículo 92.5 de la L.O.U.G.A. pues son competencia municipal."*

XIII.- O 27/12/2012 con RE 9587 recíbese escrito da secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, comunicando que, dado que o concello non atendeu ao requirimento, vaise interpoñer recurso contencioso-administrativo.

XIV.- O 23/01/2013 con RS 452 o Sr. Alcalde reitera a solicitude de informe á Deputación Provincial.

XV.- O Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 26/01/2013, acordou deixar o asunto sobre a mesa. Foille notificado aos promotores do estudo de detalle o 04/03/2013 (RS 980) e douselle traslado dunha certificación do acordo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 05/03/2013 con RS 991.

XVI.- O TSXG remitiu oficio emplazando ao concello e requirindo a remisión do expediente administrativo (P.O. 0004149/2013), recibido no concello o 04/03/2013 con RE 1444. Remítese a copia do expediente o 26/03/2013 con RS 1302.

XVII.- Na sesión ordinaria celebrada o 06/04/2013 o Pleno, en base a unha emenda presentada pola oposición, acordou nomear avogado a D. Manuel Antelo Trillo e procuradora a Dona Belén Casal Barbeito.

XVIII.- O 24/02/2014 o Sr. Alcalde remite copia do estudo de detalle a D. Xosé Francisco Freire, arquitecto da Deputación (RS 998).

XIX.- O 11/04/2014 con RE 2760 a secretaria do TSXG remite testemuña literal da sentencia recaída no P.O. 0004149/2013-E, ditada o 05/12/2013, declarada firme, cuxo fallo é o que se transcribe: ***"FALLAMOS: Que debemos declarar y declaramos la inadmisibilidad del recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, contra resolución del pleno del Concello de Vimianzo de 26 de mayo de 2012, por el que se acuerda aprobar definitivamente el estudio de detalle de señalamiento de alineaciones y volúmenes en Baíñas, así como contra la desestimación presunta del requerimiento de anulación realizado por la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras; sin hacer especial condena en costas."***

XX.- O 11/04/2014 con RE 2763 o presidente da Deputación Provincial remite informe emitido polo Servizo de Asistencia Técnica Urbanística respecto do "axuste á ordenación urbanística dun estudo de detalle en Baíñas".

XXI.- Por Providencia da Alcaldía de data 9 de xuño de 2014 solícitase informe a esta secretaría respecto do procedemento aplicable para a anulación do estudo de detalle aprobado polo Pleno na sesión do 26/05/2014. Informe emitido o 17 de xullo de 2014.

XXII.- O Pleno do Concello acorda o inicio do expediente de revisión de oficio na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2014. O acordo foi notificado aos interesados o 29 de xullo de 2014 (RS 4436).
O 13 de agosto de 2014, con RE 6533, os interesados presentan escrito de alegacións.

Consta informe xurídico emitido pola secretaria o 6 de novembro de 2014, de análise das alegacións, no que conclúe que o expediente caducou automáticamente polo transcurso do prazo de tres meses sen resolver, e propón que se incoe novamente.

XXIII.- O Pleno do Concello declara a caducidade do expediente de revisión de oficio e acorda o inicio dun novo expediente, na sesión celebrada o 14 de novembro de 2014.
O acordo foille notificado aos interesados o 18 de novembro de 2014 (RS 6795), outorgándolle un prazo de quince días hábiles para presentar alegacións.
Os interesados presentan escrito de alegacións o 4 de decembro de 2014, con RE 9743.
Consta informe xurídico emitido pola secretaria o 18 de decembro de 2014, de análise das alegacións presentadas, que conclúe a desestimación das mesmas.

XIV.- O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebra o 3 de xaneiro de 20145, acorda desestimar as alegacións presentadas polos promotores e formula proposta de resolución do expediente, no sentido de declarar a nulidade do estudo de detalle.
O acordo foille notificado aos interesados o 5 de xaneiro de 2015, con RS 39.
Remitido o expediente ao Consello Consultivo de Galicia o 7 de xaneiro de 2015, con RS 96, este emite ditame núm. 003/15, recibido neste concello o 9 de febreiro de 2015 (RE 994).
Solicitada aclaración por correo electrónico o 20 de febreiro de 2015, o CCG responde por correo electrónico na mesma data.
Consta informe conxunta da secretaría e intervencións municipais o 20 de febreiro de 2015, e proposta da Alcaldía de resolución do expediente, da mesma data.

**II.- LEXISLACIÓN APLICABLE.-**

- Artigos 73, 86.2, 89 e 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG);
- RD 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento (arts. 65 e concordantes);
- RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF);
- Artigo 217 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA);
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL);
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo;
- Lei 9/1995, do 10 de novembro, reguladora do Consello Consultivo de Galicia.

**III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO.-**

I.- Consta no expediente requirimento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, asinado o 11 de outubro de 2012 pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e recibido o 16/10/2012 (RE 7619), de anulación do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vimianzo o 26 de maio de 2012.
Os fundamentos xurídicos da anulación son os expresados no requirimento da Consellería, que se transcriben literalmente a continuación:

*"(...) **FUNDAMENTOS XURÍDICOS***
*Analizada a documentación remitida polo Concello de Vimianzo, cómpre formular as seguintes consideracións:*

1. *Nos exemplares remitidos non figura na súa parte escrita, agás a portada, a dilixencia facendo constar a súa aprobación definitiva, que é preceptiva conforme ao artigo 92.3 da LOUG, nin outro selo nin dilixencia municipal.*
2. *O estudo de detalle non se refire a un quinteiro ou unidade urbana equivalente, senón só a unha única parcela. Isto, ademais de ser unha infracción do artigo 73.1 da LOUG, impide integrar axeitadamente a ordenación proposta no estudo de detalle, que altera a posición das medianeiras da edificación permitida na parcela, coa das parcelas colindantes, non afectadas por el.*
3. *O Estudo de detalle incumpre os seguintes parámetros da ordenanza URLI:*
    - *Usos principal e permitidos: o estudo de detalle xustifica a modificación dos volumes edificables con base na consideración de que se trata dunha vivenda unifamiliar, uso non previsto entre o principal e os permitidos na ordenanza URLI, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.h) da LOUG.*
    - *Recuados: a ordenanza remite ao plano de rede viaria para a súa fixación, plano no que non se sinala recuado ningún para o ámbito, en coherencia coa tipoloxía de edificación entre medianeiras prescrita nela, mentres que o estudo de detalle prevé recuados en parte da fronte de edificación na extrema coa parcela colindante; vulnérase así o disposto no artigo 73.2.g) da LOUG.*
    - *Profundidade máxima edificable: é de 18 m na ordenanza URLI, cando no proxecto acada todo o fondo da ordenanza URLI, uns 32 m, aumentando así a ocupación do solo en plantas altas, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.e) da LOUG.*
    - *Por último, o estudo de detalle establece unha ordenanza específica para a parcela que altera as ordenanzas URLI e URFI para ela, o que está prohibido polo artigo 73.2.h) da LOUG.*

*A pretendida harmonización cun contorno de vivenda unifamiliar non pode realizarse mediante estudo de detalle alterando as determinacións do planeamento xeral que desenvolve, sendo materia propia dunha modificación deste.*
*En consecuencia, o estudo de detalle, máis alá das cuestións documentais relativas ao seu dilixenciado, incumpre a normativa no sinalado nos puntos 2) e 3) anteriores."*

II.- Consta no expediente informe de data 31/03/2014 do arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) remitido a este concello o 11/04/2014, con RE 2763 polo presidente da Deputación Provincial. O informe pronúnciase respecto do "axuste á ordenación urbanística dun estudo de detalle en Baíñas" e ten un total de 58 páxinas, que conclúe o seguinte (páxs. 54 a 58):

*"(...) **6.2 Alegación razoada***

*Consonte a previsión constitucional de que as Comunidades Autónomas poden asumir competencias en ordenación do territorio, urbanismo ou vivenda (art. 148.1.3 da CE/1978), o seu Estatuto de Autonomía atribúe a Galicia a competencia exclusiva nestas materias (art. 27.3 do EAG/1981).*

*Sen prexuízo do anterior, a sentenza do Tribunal Constitucional do 20/03/1997, (STC 61/1997), que derrogou a maior parte da anterior reforma lexislativa en materia urbanística constituída pola L 8/1890 e o RDL 1/1992, confirmou a competencia estatal para establecer as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito da propiedade do solo en todo o territorio español. Este recoñecemento de competencia esténdese tamén á regulación doutras materias que inciden no urbanismo, como son a expropiación forzosa, as valoracións, a responsabilidade das Administracións públicas ou o procedemento administrativo común (art 149.1 da CE/1978).*

*En todo caso, as normas estatais prevalecen sobre as das Comunidades Autónomas en todo o que non estea atribuído á exclusiva competencia destas (art 149.3 da CE/1978).*

*6.2.1 Clasificación do solo*

*Con base na información obtida dos documentos que se achegaron, o ámbito territorial de Vimianzo correspondente ao estudo de detalle en cuestión estaría clasificado como solo urbano consolidado (transt. 1ª.1.b, en relación co 12.a da LG 9/2002). A devandita clasificación de solo equivale no substancial á situación básica de solo urbanizado regulado pola lexislación estatal (art. 12.3 do RDL 2/2008).*

*Esta condición de solo en situación básica de urbanizado confirmaríase pola existencia dos servizos urbanísticos básicos que se detectaron na inspección realizada aos terreos e pola información obtida nos correspondentes planos da Enquisa de Infraestructuras e Equipamento Local.*

*6.2.2 Unidade urbana completa*

*O estudo de detalle refírese a unha única parcela, sen cumprir coas previsións legais de ordenar un quinteiro ou unidade urbana completa equivalente (art. 73.1 da LG 9/2002).*

*Polo citado motivo, semella que tería sido o máis procedente requirir ao interesado para que corrixise esta deficiencia en prazo ou ben declarar inadmisible a tramitación solicitada (art 71, 89.4 da L 30/1992; respectivamente).*

*6.2.3 Adaptación Ambiental*

*A Composición arquitectónica de edificación acaroada aos lindes de parcela non resulta congruente coa tipoloxía illada do seu contorno, vulnerando a normativa de adaptación ambiental que resulta de aplicación directa (art. 10.2 do RDL 2/2008, 104.c da LG 9/2002), ao posuír un de rango xerárquico superior á procedente do planeamento xeral.*

*6.2.4 Ordenación detallada*

*As condicións de uso e volume aplicabeis a esta operación de crecemento urbano están fixadas polas disposicións da ordenanza municipal reguladora de solo urbano consolidado correspondentes ás ordenanzas URLI e URFI das normas urbanísticas das NSPV/1994; en todo o que non se opoña á normativa xerarquicamente superior que se citou nos 2 apartados anteriores.*

*A esas condicións de volume do planeamento xeral se engaden outras de maior precisión pormenorizada que, por non constar publicadas, resultarían inaplicábeis e deben ser substituídas polas que correspondan das NSCPP/1991.*

*Os particulares posúen o dereito de iniciativa na execución da urbanización, sexan ou non propietarios do solo (art. 6.a do RDL 2/2008; 3.1.b/7, 4.f 5.3, 108.3 da LG 9/2002). Ademáis, baixo determinadas condicións, están facultados para formular previamente os plans de desenvolvemento urbano que correspondan, sempre que conten coa aceptación dos propietarios do solo que representen máis do 50% do ámbito superficial afectado (art. 74, 79 da LG 9/2002); circunstancias todas que parecen concorrer no caso que nos ocupa.*

*A partir destas permisas básicas que non ofrecen maior dúbida, calquera solución de ordenación de detalle que se proxecte neste ámbito debería respectar as condicións de uso e volume que resultan de aplicar as citadas ordenanzas das NSPV/1994.*

*Non sucede así co estudo de detalle que nos ocupa, debido a que pretende excepcionar no seu ámbito o cumprimento da condición de volume da ordenanza URLI que determina un fondo máximo edificable de 18m.*

*Consecuentemente, ademáis da improcedencia de non referirse a unha unidade urbana completa e da vulneración que se refire á falla de adaptación ambiental, este instrumento de planeamento incumpre a ordenación urbanística vixente por non observar a limitación establecida mediante un parámetro específico das condicións de volume das NSPV/1994 (art. 73.2 da LG 9/2002).*

*6.2.5 Nulidade de aprobación*

*As infraccións detectadas á ordenación urbanística vixente vulneran disposicións administrativas de rango xerárquico superior (art. 62 da L 30/1992), presentes na lexislación urbanística especial, así como no propio planeamento xeral, significando por tanto unha reserva de dispensación para este ámbito (art. 101.2 da LG 9/2002).*

*Pola razón anterior, resultaría procedente atender ao requirimento de anulación efectuado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.*

***7 Consideracións finais***

*Con independencia da opinión que se sosten neste informe, o concello de Vimianzo podería dirixirse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando que estenda*

*expresamente o seu pronunciamento anterior a todas as cuestións de legalidade que afectan a esta actuación urbanística.*

*A petición anterior faríase en razón á competencia xeral autonómica para interpretar as situacións básicas de solo que corresponden no réxime transitorio dun planeamento xeral sen adaptar ao marco legal vixente, así como para precisar os límites dentro dos que a iniciativa particular -en exercicio da libre empresa, sexa o non propietaria de terreos- está facultada para elaborar instrumentos de ordenación (art. 6.5, 8.3.b do RDL 2/2008; 3, 4, 74, 90 da LG 9/2002) e/ou exercer o seu dereito completar a urbanización e edificar (art. 8.5/6 do RDL 2/2008, 17 da LG 9/2002).*

*Esta consideración atende, de xeito analóxico (art. 4.1 do CC/1989), á recomendación contida no apartado 4 da CI 2/2003 para resolver as posibeis dúbidas que se produzan pola falla de adaptación dos plans ao presente marco legal na especial materia urbanística, constituído substancialmente polo RDL 2/2008 (modificado polo RDL 8/2011, L 8/2013 e L 27/2013) e a LG 9/2002 (modificada polas LG 15/2004, LG 6/2007, LG 3/2008, LG 6/2008, LG 2/2010, LG 15/2010 e LG 8/2012).*

*En todo caso, calquera solución que se adopte debería observar o principio xeral de interpretación integrada das normas xurídicas (art. 3 e 4 do CC/1889) conforme ao principio de desenvolvemento urbanístico sustentable (art. 2 do RDL 2/2008) e aplicando os criterios de maior protección ambiental (art. 6 da LG 9/2002 e demais normativa concordante).*

*Consonte todo o anteriormente exposto; no contexto do que vai dito; sen prexuízo doutras consideracións que resultasen de datos diferentes aos achegados; tratando de actuar en congruencia cos motivos que xustifican a intervención administrativa dos actos de uso do solo e de prestar atención ao espírito e finalidade da normativa vixente; extraio -salvo mellor criterio para os efectos de pronunciamento, cara á correspondente proposta de resolución, as seguintes*

## ***Conclusións***

***Primeira    Axuste a ordenación urbanística***

*O estudo de detalle aprobado vulnera a ordenación urbanística vixente, porque a edificación proxectada:*

*1 non contempla un quinteiro ou unidade urbana equivalente*

*2 adopta unha posición acaroada aos seus lindes que non resulta congruente coa tipoloxía do contorno*

*3 modifica o emprazamento determinado polo planeamento xeral, mediante o aumento do fondo máximo edificable da ordenanza URLI*

***Segunda    Anulación requirida pola Consellería***

*Procedería atender o requirimento en cuestión porque non se ordena unha unidade urbana completa equivalente e por considerarse nulas de pleno dereito tanto a falla de adaptación ambiental ao contorno como a reserva de dispensación do fondo máximo edificable determinado polo planeamento xeral.*

*Non obstante, considerando os informes técnicos e xurídicos que emitan os seus propios Servizos, esa Corporación adoptará os acordos que xulgue máis procedentes.*

*Este é o meu informe que, composto de 58 follas numeradas e sometido a opinións mellor fundadas, emito para o Concello de Vimianzo co fin de que conste para os efectos oportunos.*

*A Coruña, 31 de marzo de 2014*

*O arquitecto-xefe do SATU*

*Xosé Fco. Freire"*

III.- A secretaria municipal emitiu informe o 18/12/2014, do que se transcriben íntegramente as consideracións xurídicas:

"(...) **Primeira.- Análise das alegacións presentadas polos interesados mediante escrito con RE 6533.**

Como cuestión previa, e antes de entrar no estudo das alegacións, cabe mencionar que os interesados presentaron o escrito de alegacións dentro do prazo de quince días hábiles outorgado ao efecto.

Respecto ás alegacións, compre expoñer o contido das mesmas, para o seu análise posterior, que se realizará conxuntamente.

**1ª alegación**: "Entendemos gravemente infringidos ambos principios (seguridad jurídica y confianza legítima) con la incoación de este procedimiento, por cuanto la Xunta impugnó el mismo ante el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. DURANTE ESTE PROCEDIMIENTO EL CONCELLO DE VIMIANZO DEFENDIÓ LA LEGALIDAD DEL ESTUDIO DE DETALLE, por lo que no procede ir contra sus actos ahora, tal y como expondremos más adelante."

**2ª alegación**: "Segunda.- INFRACCIÓN DEL PRINCIPIO DE LA CONFIANZA LEGÍTIMA."
(...) La doctrina viene estableciendo una serie de requisitos que considera de inexcusable concurrencia para que pueda entenderse que en un supuesto concreto se produce el derecho a la protección del Principio de Confianza Legítima a favor de los administrados en sus relaciones con las Administraciones Públicas.
Así, se exige, en primer término, que exista un acto o declaración de la Administración lo suficientemente concluyente para provocar en los afectados la confianza que a su vez pueda generar tres situaciones distintas en el administrado:
**a).- Confianza del afectado en que la Administración actúa correctamente. Y en este caso concreto el Estudio de Detalle, que ahora pretende revisarse, fue informado favorablemente por el Arquitecto Municipal D. Julio Vázquez Rodríguez, firmado en Vimianzo el 5 de marzo de 2012; fue informado favorablemente por el Secretario Municipal D. Rafael del Barrio Berbel, en Vimianzo, el 12 de marzo de 2012; fue aprobado inicialmente,, a propuesta de la Junta de Gobierno, en la sesión de 19 de marzo de 2012, notificado a los dicentes por escrito de 2 de abril de 2012 del Secretario D. Rafael del Barrio Berbel; sometido a información pública por un período de veinte días en el diario La Voz de Galicia el 24 de marzo y el 17 de abril en el Diario Oficial de Galicia, no habiéndose formulado alegaciones contra el mismo; sometido a dictamen de la Comisión Informativa Permanente de Urbanismo e Obras; y aprobado definitivamente el 26 de mayo de 2012. ¿Acaso todos estos informes y trámites no son merecedores del tantas veces invocado Principio de Confianza Legítima de los administrados aquí alegantes? ¿Es que acaso – si no fuese bastante con lo ya expuesto-, la defensa que ante la Jurisdicción Contencioso-Administrativa hizo el Concello de Vimianzo, no sirven ya no sólo para reforzar dicha confianza, sino también, para cuestionarse la pretendida nulidad radical invocada ahora por el Concello para esta pretendida revisión de oficio? Sin duda, si.**
b).- Confianza del afectado en que es lícita la conducta que mantiene en su relación con la Administración; parece que esto último queda constatado con los anteriores interrogantes; y
c).- Confianza del afectado en que sus expectativas, como interesado, son razonables. ¿Acaso con lo ya hasta ahora expuesto no se cumplen ahora también esas expectativas que hasta ese momento al Concello, a los funcionarios, y al resto del personal integrante del mismo le parecieron ahora tan razonables?.

De este Principio de Confianza Legítima, también debe señalarse que opera como límite del ejercicio de las potestades administrativas: Supone que las Administraciones no pueden defraudar las esperanzas de los ciudadanos cuando se ha actuado correctamente y que sus expectativas son razonables; y que deben resarcirse la frustración de las expectativas legítimas generadas a favor de los ciudadanos. Resarcimiento que expondremos más adelante."

**3ª alegación:** "Tercera.- LIMITACIÓN DEL ART. 106 DE LA LEY 30/92.
Establece este precepto:
Artículo 106 Límites de la revisión.
Las facultades de revisión no podrán ser ejercitadas cuando por prescripción de acciones, por el tiempo transcurrido o por otras circunstancias, su ejercicio resulte contrario a la equidad, a **la buena fe**, al derecho de los particulares o a las leyes.
Tal y como antes señalamos, cuando la Xunta impugnó el Estudio de Detalle ante el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, DURANTE ESE PROCESO EL CONCELLO DE VIMIANZO DEFENDIÓ LA LEGALIDAD DEL MISMO, por lo que no procede ir en contra de sus actos ahora, tal y como expondremos más adelante."

**4ª alegación:** "Cuarta.- NO EXISTE CAUSA DE NULIDAD
A mayor abundamiento, para el caso de que se entre a conocer el fondo de la cuestión, y con la finalidad de agotar todos los medios de defensa, analizaremos el fondo de la cuestión para apreciar que no existe incumplimiento de ningún requisito esencial. A tal efecto, procederemos a analizar las causas de nulidad aducidas por la Xunta, y ahora el Concello, estima aptas para sustentar un procedimiento tan grave como el presente.
A) FALTA DE REFERENCIA A UNA MANZANA
No existe infracción alguna. El art. 73.1 de la LOUG no exige imperativamente la obligatoria inclusión de varias parcelas en un Estudio de Detalle, sino que establece que "podrán" realizarse con carácter general sobre manzanas o unidades equivalentes. No estamos ante una norma taxativa, sino que estamos pues ante una directriz, que puede ser superada en un caso concreto. No existe infracción alguna para poder decretar la nulidad.

"Artículo 73 Estudios de detalle
1. En desarrollo de los planes generales, planes parciales y especiales **podrán** redactarse estudios de detalle para manzanas o unidades urbanas equivalentes completas con los siguientes objetivos:"

Lo mismo podemos decir de la alteración de las medianeras colindantes. Sería un problema fácilmente subsanable con la aprobación de otro estudio de detalle que analizase estas cuestiones, cuestión que no se creyó conveniente por los técnicos municipales en su momento. Se trata de una cuestión de apreciación arquitectónica casuística en la que no pueden hacerse juicios apriorísticos de vulneración grave y esencial de la LOUGA.

B) CAMBIO DE USO
Confunde la Xunta, dicho sea con todos los respetos dos conceptos urbanísticos muy diferentes: uso y tipología edificatoria y otra muy diferente es que se cambie el uso, que como se aprecia no se modifica pues sigue siendo residencial. No existe limitación alguna en la LOUGA para que un estudio de detalle pueda modificar en la reordenación volumétrica a la que se destina a este tipo de instrumentos de planeamiento de desarrollo, la tipología edificatoria. Desde luego no se modifica el uso que sigue siendo residencial.

C) INFRACCIÓN DEL ART. 37.2.B POR MODIFICACIÓN DE LOS RETRANQUEOS
Establece el precepto que se dice infringido:
"2. Los estudios de detalle en ningún caso podrán:
g) Desconocer o infringir las demás limitaciones que les imponga el correspondiente plan."
Como se reconoce ni en la ordenanza ni en los planos de red viaria se establece retranqueo alguno. Ahora bien el Estudio de detalle las crea dentro de lo que significa la reordenación volumétrica del sólido capaz previsto. Por tanto no existe infracción alguna de las ordenanzas o del plan, por cuanto, se está reordenando un volumen.
Viene expresamente admitida dicha posibilidad en el art. 73.1.a de la LOUGA:
"a) Completar o reajustar las alineaciones y rasantes."

D) PROFUNDIDADE MÁXIMA
No existe infracción aducida. El estudio de detalle, al cambiar la tipología edificatoria no aumenta la ocupación, sino que da libertad para ubicar la edificación sobre la parcela. Por tanto resulta irreal pensar (máxime cuando el proyecto edificatorio está ya confeccionado y presentado en el concello) que se pretenda o permita permitir edificar una

construcción destinada a edificación unifamiliar de 32 metros de profundidad. Lo único que se está haciendo, reiteramos, es modificar la zona en la que se ubican las construcciones, permitiendo que la unifamiliar se sitúe en dicha franja.
Se previa en el proyecto para el que se solicitó la licencia.

E) ESTABLECIMIENTO DE UNA NUEVA ORDENANZA
Se trata de la constatación de los elementos reinterpretados dentro de una norma y en si no constituye una ordenanza nueva, ya que no modifica en lo sustancial la existente.
Por tanto no existe ninguno de los incumplimientos que se dicen, y mucho menos en una intensidad tan importante para declarar la nulidad del estudio de detalle.

**5ª alegación:** "Quinta.- RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL."

En relación cos tres primeiros motivos de alegación, debe dicirse o seguinte:

1º. O Pleno do Concello, na sesión celebrada o 24 de novembro de 2012, tal como se expuxo nos antecedentes, non atendeu en prazo o requerimento de anulación realizado pola Secretaría Xeral de Urbanismo, deixando o asunto sobre a mesa (a proposta da Alcaldía de atender ao requerimento de anulación) en tanto non se incorporase informe do arquitecto municipal, en contra do informado pola funcionaria que suscribe.

Posteriormente, na sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2013, o Pleno acorda novamente deixar o asunto sobre a mesa, agora á espera dun informe solicitado á Deputación provincial.

Polo tanto, a situación actual é consecuencia da pasividade da administración local diante do requerimento da administración autonómica, pasividade que obviamente acarrexou a interposición de recurso contencioso-administrativo diante do TSXG por parte da Xunta, que rematou con sentencia ditada o 5 de decembro de 2013.

2º. Posteriormente, e xa interposto recurso contencioso-administrativo pola administración autonómica, o Pleno do Concello, en sesión celebrada o 6 de abril do 2013, acordou designar avogado e procurador para persoarse no contencioso. Os profesionais designados foron propostos por sete (dos oito) concelleiros que propuxeron deixar sobre a mesa por dúas veces a anulación, obviamente no entendemento que o estudo de detalle non incorría en vicio de nulidade que xustificara atender ao requerimento da Xunta.

3º. Consta no expediente, aparte do informe xurídico emitido por esta secretaria respecto do requerimento de anulación, en data 15 de novembro de 2012, un informe emitido polo arquitecto-xefe do SATU da Deputación da Coruña, de data 31 de marzo de 2014, que conclúe tamén que o estudo de detalle incurre nun vicio de nulidade radical.

4º. A sentencia ditada o 5 de decembro de 2013 polo TSXG inadmite o recurso da Xunta por extemporáneo e, en consecuencia, non entra a avaliar o fondo do asunto (a conformidade a dereito do estudo de detalle). Como xa dixen no informe emitido o 6 de novembro de 2014, as sentencias que acollen unha causa de inadmisibilidade carecen do valor de cousa xulgada material. Transcribo novamente o fragmento daquel informe:

>>Existindo, pois, un pronunciamento xudicial sobre o asunto, cómpre analizar se procede iniciar a revisión de oficio do acto administrativo en cuestión.

A Sentencia do Tribunal Supremo de 7 de Febreiro de 2013 (rec.563/2010) di o seguinte: *"Lo que antecede pone de manifiesto que* ***en ese proceso jurisdiccional se analizaron todos los motivos impugnatorios deducidos por el recurrente, quedando desestimados por sentencia ya firme,*** *y esto supone que, en el caso de haber sido omitido alguno, no cabe invocarlo ahora como causa de nulidad en el procedimiento de revisión de oficio una vez que la resolución sancionadora quedó firme tras el procedimiento judicial. La razón de que así deba ser es la naturaleza y finalidad que corresponde al procedimiento de revisión de oficio de actos administrativos nulos de pleno derecho, pues éste se configura como un remedio extraordinario y, como tal ,subsidiario de los instrumentos procedimentales ordinarios de impugnación de actos administrativos; de modo que no resulta viable cuando para hacer valer la*

*pretendida nulidad ya se han utilizado los cauces procedimentales ordinarios, el acto dictado ha sido impugnado ante la jurisdicción contencioso-administrativa y este proceso jurisdiccional ha terminado por resolución firme".*

Eso sí, a Sentencia do Tribunal Supremo de 18 de Xullo de 2013 (rec.814/2011) matiza que non opera a cousa xulgada e o conseguinte veto á ulterior revisión de oficio cando a sentencia non tivera *"producido un enjuiciamiento definitivo del debate jurídico planteado"* xa que queda imprexulgado o debate, ben por apreciarse unha excepción que pon término ao procedemento xudicial (como sería o caso da inadmisión do recurso por presentación extemporánea) ou ben por ter desistido xudicialmente, situacións nas que non existirá tal eficacia da cousa xulgada, e quedaría aberta a posibilidade da revisión de oficio.

Nese sentido, o manual "Jurisdicción contencioso administrativa. Comentarios a la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa", editado por El Consultor no ano 2007, refírese ás sentencias que sinalan a inadmisibilidade do recurso nos seguintes termos:

*"No sólo limitan su eficacia a las partes, sino que cabe sostener que, pese a la redacción del art. 72.1 LJCA, ni siquiera producen efecto de cosa juzgada al no pronunciarse sobre la legalidad de la disposición, acto o actuación de la Administración. En este sentido, aunque la jurisprudencia no es uniforme, puede citarse la STS (Sala 4ª) de 7 Oct. 1986, que señala:*
*"La afirmación de que existe cosa juzgada (es) del todo improcedente si tenemos en cuenta que la sentencia de esta Sala de 10 Feb. 1983, que puso fin al citado recurso núm. 107/82, acogió una causa de inadmisibilidad, y sabido es que estas sentencias carecen del valor de cosa juzgada material, como ha declarado nuestro Tribunal Supremo, en multitud de sentencias, de las que pueden servir de ejemplo las de 19 Ene. 1970 y 12 May. 1977.">>*

O principio de legalidade debe primar respecto dos principios invocados polos promotores do estudo de detalle (seguridade xurídica, confianza lexítima e boa fe), pois ese é o sentido da modificación do réxime do instituto da revisión de oficio contido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, operada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que configura esta potestade administrativa como preceptiva (declararán) fronte ao carácter potestativo (poderán declarar) da redación anterior. Polo tanto, reitero a necesidade de iniciar un expediente de revisión de oficio cando a administración detecta nos seus actos e disposicións un vicio de nulidade radical.

A peculiaridade da revisión de oficio é a excepción que supón respecto ao principio xeral de que ninguén pode ir en contra dos seus propios actos; fronte ao principio de seguridade xurídica e de confianza xerada pola actuación administrativa ao recoñecer dereitos aos cidadáns, impónse en determinados supostos o principio de legalidade, aínda que con carácter excepcional, pola gravidade dos vicios en que incurren os actos e disposicións nulos de pleno dereito.

A facultade revisora dos actos declarativos de dereitos concíbese como un procedemento no que interesa, ante todo, o restablecemento da legalidade quebrantada, máis debe cumprir tamén unha función de garantía e a tal efecto é esencial o cumprimento estricto das formalidades legais, previstas no artigo 102 da LRX-PAC, que garantan a debida contradicción.

Respecto da alegación cuarta – a única na que se defende a conformidade a dereito do estudo de detalle – debe dicirse o seguinte:

1º. O requerimento de anulación da Secretaría Xeral de Urbanismo (con RE 7619, recibido o 16 de outubro de 2012) susténtase nos seguintes fundamentos xurídicos:

*"(...) **FUNDAMENTOS XURÍDICOS***
*Analizada a documentación remitida polo Concello de Vimianzo, cómpre formular as seguintes consideracións:*

1. *Nos exemplares remitidos non figura na súa parte escrita, agás a portada, a dilixencia facendo constar a súa aprobación definitiva, que é preceptiva conforme ao artigo 92.3 da LOUG, nin outro selo nin dilixencia municipal.*
2. ***O estudo de detalle non se refire a un quinteiro ou unidade urbana equivalente**, senón só a unha única parcela. Isto, ademais de ser unha **infracción do artigo 73.1 da LOUG**, impide integrar axeitadamente a ordenación proposta no estudo de detalle, que altera a posición das medianeiras da edificación permitida na*

*parcela, coa das parcelas colindantes, non afectadas por el.*

3. *O Estudo de detalle* ***incumpre os seguintes parámetros da ordenanza URLI:***
   - *Usos principal e permitidos: o estudo de detalle xustifica a modificación dos volumes edificables con base na consideración de que se trata dunha vivenda unifamiliar, uso non previsto entre o principal e os permitidos na ordenanza URLI,* ***vulnerando así o disposto no artigo 73.2.h) da LOUG.***
   - *Recuados: a ordenanza remite ao plano de rede viaria para a súa fixación, plano no que non se sinala recuado ningún para o ámbito, en coherencia coa tipoloxía de edificación entre medianeiras prescrita nela, mentres que o estudo de detalle prevé recuados en parte da fronte de edificación na extrema coa parcela colindante;* ***vulnérase así o disposto no artigo 73.2.g) da LOUG.***
   - *Profundidade máxima edificable: é de 18 m na ordenanza URLI, cando no proxecto acada todo o fondo da ordenanza URLI, uns 32 m, aumentando así a ocupación do solo en plantas altas,* ***vulnerando así o disposto no artigo 73.2.e) da LOUG.***
   - *Por último, o estudo de detalle establece unha ordenanza específica para a parcela que altera as ordenanzas URLI e URFI para ela, o que está* ***prohibido polo artigo 73.2.h) da LOUG.***

*A pretendida harmonización cun contorno de vivenda unifamiliar non pode realizarse mediante estudo de detalle alterando as determinacións do planeamento xeral que desenvolve, sendo materia propia dunha modificación deste.*
*En consecuencia,* ***o estudo de detalle****, máis alá das cuestións documentais relativas ao seu dilixenciado,* ***incumpre a normativa no sinalado nos puntos 2) e 3) anteriores."***

2º. O informe emitido o 31 de marzo de 2014 polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) da Deputación da Coruña conclúe o seguinte (paxs. 54 a 58, que deben transcribirte no acordo):
*"(...) Consecuentemente, ademáis da improcedencia de non referirse a unha unidade urbana completa e da vulneración que se refire á falla de adaptación ambiental, este instrumento de planeamento incumpre a ordenación urbanística vixente por non observar a limitación establecida mediante un parámetro específico das condicións de volume das NSPV/1994 (art. 73.2 da LG 9/2002).*

*6.2.5 Nulidade de aprobación*

***As infraccións detectadas á ordenación urbanística vixente vulneran disposicións administrativas de rango xerárquico superior (art. 62 da L 30/1992), presentes na lexislación urbanística especial, así como no propio planeamento xeral, significando por tanto unha reserva de dispensación para este ámbito (art. 101.2 da LG 9/2002).***

*Pola razón anterior, resultaría procedente atender ao requirimento de anulación efectuado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras."*

Destes fundamentos xurídicos expostos extráese a conclusión de que, neste caso, incórrese nunhas infraccións legais determinantes da nulidade de pleno dereito do estudo de detalle, ao abeiro do art. 62.2 da Lei 30/1992.

Polo exposto, procede desestimar todos e cada un dos motivos de alegacións aducidos polos promotores do estudo de detalle.

***Segunda.- Procedemento e órgano competente.***

A modo de resume, e tendo en conta que xa se dou audiencia aos interesados, os trámites serán os seguintes:

- Proposta de resolución, desestimando as alegacións dos interesados e proponiendo á declaración de nulidade radical, polos motivos expostos nos documentos aludidos ao longo deste informe, que deben transcribirse íntegramente na proposta de acordo. Debe notificarse aos interesados.

- Ditame do Consello Consultivo de Galicia, de carácter preceptivo e vinculante.

Cando a revisión se inicia de oficio pola propia Administración, o prazo máximo para resolver son tres meses, e transcorrido o mesmo sen resolver prodúcese a caducidade do expediente. A remisión do expediente ao Consello Consultivo para a emisión do ditame suspende o cómputo do prazo para resolver.

Isto é o que se informa, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito."

IV.- Consta proposta da Alcaldía, de data 19 de decembro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, celebrada o 30 de decembro de 2014:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: proposta de resolución do expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012**

Visto o expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, iniciado por acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 14 de novembro de 2014.

Visto o escrito de alegacións presentado polos interesados, Dª. Milagros Lobelos Casal e D. Carlos Manuel Vidal Redondo o 4 de decembro de 2014, con RE 9743, no trámite de audiencia.

Visto o informe emitido pola secretaria municipal o 18 de decembro de 2014, que se consta no expediente.

En conclusión, cumpridos os trámites previstos legalmente, procede desestimar as alegacións formuladas por Dª. Milagros Lobelos Casal e D. Carlos Manuel Vidal Redondo, promotores do estudo de detalle e, en consecuencia, formular proposta de resolución do expediente no sentido de "***declarar a nulidade de pleno dereito do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, ao abeiro do disposto no artigo 62.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, polos motivos expostos no requirimento de anulación ditado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012, no informe emitido polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística o 31 de marzo de 2014 e no informe emitido pola Secretaria municipal o 6 de novembro de 2014; documentos que serven de motivación ao presente acordo, aos efectos do disposto no artigo 54 da LRX-PAC."***

Por todo o anterior, elévase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Formular a seguinte proposta de resolución do expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012: ***"Declarar a nulidade de pleno dereito do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, ao abeiro do disposto no artigo 62.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, polos motivos expostos no requirimento de anulación ditado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012, no informe emitido polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística o 31 de marzo de 2014 e no informe emitido pola Secretaria municipal o 6 de novembro de 2014; documentos que serven de motivación ao presente acordo, aos efectos do disposto no artigo 54 da LRX-PAC."***

Segundo.- Remitir ao Consello Consultivo de Galicia o expediente relativo á revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, a efectos da emisión do ditame previsto no artigo 102 da LRX-PAC.

Terceiro.- Suspender, no momento da remisión do expediente ao órgano previsto no párrafo precedente o prazo máximo legal para resolver o presente procedemento nos termos previstos no artigo 42.5.c) da LRX-PAC.

Cuarto.- Notificar a presente resolución aos interesados."

A citada proposta foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras na sesión celebrada o 30 de decembro de 2014; e o ditame elevado a acordo nos seus propios termos polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o 3 de xaneiro de 2015. O acordo foi notificado aos promotores do estudo de detalle

V.- Remitido o expediente ao Consello Consultivo de Galicia, este emitiu ditame núm. CCG 003/15, do que se transcriben íntegramente as consideracións xurídicas:

**"CONSIDERACIÓNS**

**Primeira.-**

Este Consello Consultivo resulta competente para emitir o ditame solicitado ao abeiro do disposto no artigo 12,f) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e nos artigos 10 y 17.1, b) do regulamento, aprobado por Decreto 282/2003, do 22 de maio, vixente nos termos do establecido na disposición transitoria terceira da referida lei.

Por outra banda a Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), no seu artigo 92.5, atribúe á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a necesaria para proceder ó requirimento de anulación dos actos e acordos das corporacións locais, remitindo ós artigos 217 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e os artigos 65 e 66 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

**Segunda.-**

A revisión de oficio dos actos administrativos constitúe unha fórmula privilexiada e excepcional en canto que é unha actividade que ten por fin expulsar do mundo do dereito, por unilateral pronunciamento do órgano administrativo competente e sen acudir ao proceso contencioso-administrativo, algunha das súas decisións anteriores viciadas de nulidade, apreciada de xeito sobrevido; decisións que, en canto actos administrativos, por expresa previsión legal, gozan dunha presunción de certeza e axuste á legalidade.

En definitiva, o mecanismo de revisión de oficio pode operar a anulación, por causa de nulidade plena, de determinados actos administrativos, concretamente aqueles que posuen as notas de definitivos e declarativos de dereitos. Pero resulta evidente, pois non estamos diante dunha facultade de exercicio libre e arbitrario, que, como paso previo a tal transcendental declaración, se require a constatación precisa, de acordo coa previsión legal ao repecto, da existencia de causa revisora, conforme co suposto de ilegalidade detectado, en canto que esta constitúe o fundamento xurídico da facultade que se pretende incitar ou poñer en marcha.

É preciso, por outra banda, poñer de relevo o carácter extraordinariamente restritivo que no noso Dereito administrativo ten a nulidade de pleno dereito, ao ser anulabilidade a norma xeral, o que modula -como unha das grandes singularidades da teoría da ineficacia dos actos- a regra xeral contida no artigo 6.3 di Código Civil.

Convén non esquecer por outra banda, que a facultade revisora dos actos declarativos de dereitos se concibe como un procedemento no que interesa, ante todo o restablecemento da legalidade quebrantada, mais debe tamén cumprir unha función de garantía e para ese efecto é esencial o cumprimento estrito das formalidades legais que ao mesmo tempo fagan posible a debida contradición, en canto principio básico reitor de todo procedemento administrativo.

É por iso polo que, previamente ao exame de se concorren ou non posibles causas de nuludade do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vimianzo con data 26.05.2012, cómpre verificar que o procedemento seguido para a revisión de oficio pola quese pretende declarar a perda total de efectos da resolución adoptada no procedemento anulado foi tramitado en forma legalmente idónea, e neste senso advírtese que o procedemento de revisión de oficio se tramitou axeitadamente, resultando conforme as prescricións do artigo 102 da LRXPAC, que remite, á súa vez, ás normas do titulo VI da mesma lei.

**Terceira.-**

O artigo 102 da Lei 30/1992 determina, no su apartado primeiro, que: *"...Las administraciones públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud del interesado y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo de la Comunidad Autónoma si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 62.1."*.

Así mesmo, o artigo 4.1g) de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, dispón que corresponde ás corporacións locais, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias, a potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos, reiterándose tal atribución no artigo 53 da mesma Lei, así como no artigo 218 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O exercicio da potestade revisora require, xa que logo, unha adecuada inescusable formalización, con escrupuloso acomodo ao procedemento normativamente establecido, ademais de prudencia e sometemento á legalidade, de xeito que a emanación da conclusión que culmina o procedemento de revisión de oficio, se alcance explicitamente mediante a sucesiva concatenación de trámites perfectamente trabados, que permitan determinar a procedencia ou non do exercicio en dereito de tal potestade.

O expediente que nos ocupa se inicia cando a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas require ao Concello de Vimianzo para que, anule, no prazo máximo dun mes, o acordo do Pleno de data 26.05.2012, de aprobación definitiva do *"Estudio de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas"*, polas deficiencias que se mencionan a seguir, e tendo en conta o disposto nos artigos 92.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; o artigo 217 da Lei de Administración local de Galicia; o artigo 65 da Lei reguladora das bases do réxime local; e, no artigo 9.1.c) da Orde do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas, do 15 de marzo de 2012, sobre delegación de competencias no secretario xeral e noutros órganos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas esta require ao Concello de Vimianzo.

Este requirimento de anulación do acordo plenario do Concello de Vimianzo, de data 26.05.2012, sobre a aprobación definitiva do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, fundaméntase en que, no momento en que se solicita a aprobación do estudo de detalle, o planeamento urbanístico vixente no Concello de Vimianzo o constitúen as Normas subsidiarias de planeamento de ámbito municipal aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña o 01.07.1994 (o texto refundido o 26.09.1994), ao abeiro de normativa anterior á Lei 1/1997, do solo de Galicia argumentando nos seus fundamentos xurídicos que o estudo de detalle incumpre os parámetros da ordenanza URLI, dicindo literalmente, alén das cuestións documentais relativas ao seu dilixenciado, incumpre a normativa no sinalado nos puntos 2), 3) e 4), que se transcriben.:

"[...]

*2. O estudo de detalle non se refire a un quinteiro ou unidade equivalente, senón a unha única parcela. Isto, ademais de ser unha infracción de artigo 73.1 da LOUG, impide integrar axeitadamente a ordenación proposta no estudo de detalle, que altera a posición das medianeras da edificación permitida na parcela coa das parcelas colindantes, non afectadas por él.*

*3. O estudo de detalle incumpre os seguintes parametros da Ordenanza URLI.*

- *Usos principal e permitidos: o estudo de detalle xustifica a modificación dos volumes edificables con base na consideración de que se trata dunha vivenda unifamiliar, uso non previsto entre o principal e os permitidos na ordenanza URLI, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.h) da LOUG.*

- *Recuados: a ordenanza remite ao plano de rede viaria para a súa fixación, plano non que non se sinala recuado ningún para o ámbito en coherencia coa tipoloxía de edificación entre medianeiras prescrita nela mentres que o estudo de detalle prevé recuados en parte da fronte de edificación na estrema coa parcela lindeira; vulnérase así o disposto no artigo 73.2.g) da LOUG.*

- *Profundidade máxima edificable: é de 18 m na ordenanza URLI cando no proxecto acada todo o fondo da ordenanza URLI uns 32 m, aumentando así a ocupación de solo en plantas altas, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.e) da LOUG.*

*4. Por último, o estudo de detalle establece unha ordenanza específica para a parcela que altera as ordenanzas URLI e URFI para ela, o que está prohibido polo artigo 73.2.h) da LOUG".*

E indicase a continuación que *"A pretendida harmonización cun contorno de vivenda unifamiliar non pode realizarse mediante estudo de detalle alterando as determinacións do planeamento xeral que desenvolve, sendo materia propia dunha modificación deste. En consecuencia, o estudo de detalle.*

*[...]."*

***Cuarta.-***

Dese requirimento dáse traslado aos promotores do estudo de detalle para que aleguen o que estimen conveniente, ao arquitecto municipal e á secretaria para, de acordo coas normas vixentes, emita o preceptivo informe. Sendo así que, con data 08.11.2012, dona Milagros Lobelos Casal e don Manuel Vidal Redondo -promotores do estudo e reclamantes- expoñen:

*"Consideramos que non compete nestes momentos, facer pola nosa parte valoracións sobre os fundamentos xurídicos sinaladas no requirimento de anulación do acordo plenario remitido pola Consellería. [...] pero que os trámites que realizaron supuxeron importantes gastos, .. xa que para elo foi necesario a redacción de proxecto técnico, presentación de solicitude de licenza e pago da mesma, e encargos de dirección de obra dos técnicos correspondentes. Así mesmo, pedíronse diversos presupostos a contratistas, e xa se tiña decidido a empresa que executarían as obras. Hai que ter en conta, que tamén se pagaron no seu momento os correspondentes anuncios no BOP e no DOGA así como a propia redacción do Estudo de Detalle. Ademais, foron necesarias realizar diversas xestións relacionadas co expediente, que no seu momento, de ser preciso, se detallarán..., e que a anulación do mesmo, de producirse, nos ocasionaría un prexuízo importante que deberá ser valorado adecuadamente. De considerar o Concello de Vimianzo que debe de anular o Estudo de Detalle en cuestión, debe de comprometerse a recoñecer a responsabilidade patrimonial que se deriva de dita actuación".*

O arquitecto municipal emite un informe, con data 11.12.2012, no que mostra a súa desconformidade cos alicerces xurídicos do requirimento da secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Por outra banda, o arquitecto xefe do Servizo de Asistencia Técnica da Deputación da Coruña, en informe emitido o 31.03.2014, considera que o estudo de detalle vulnera a ordenación urbanística vixente; e, conclúe, a procedencia de atender ao requirimento de anulación.

Pola súa parte a Secretaría municipal, con data 17.07.2014, emite un informe no que se conclúe "[...] *Pois ben, revisado o expediente, e tendo en conta o requirimento de anulación da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, así como o informado polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica*

*Urbanística (SATU) o 31/03/2014, no presente caso concorren dúas causas de nulidade: a prevista no apartado f) do artigo 62.1; e, a prevista no apartado g) do mesmo artigo [...].*"

O pleno do concello, o día 26.06.2014, adoptou un acordo de inicio de expediente de revisión de oficio, que se notifica aos promotores do estudo de detalle o día 29.07.2014, ao que responden coa presentación de alegacións con data 18.08.2014.

**Quinta.-**

Como consecuencia de todo o que se vén de expor, o Pleno do Concello de Vimianzo, en sesión que tivo lugar o día 14.11.2014, adoptou o acordo de incoación do procedemento de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas; aprobado definitivamente polo pleno o 26.05.2012, ao abeiro do previsto no artigo 62.2 da LRXPAC, que establece que serán nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior, ao quedar acreditado o expediente que a aprobación definitiva do estudo de detalle aprobada polo Pleno o 26.05.2012 incorre en infraccións legais determinantes de nulidade de pleno dereito.

~~Tal é~~ como se desprende dos antecedentes, e das actuacións practicadas, a proposta de resolución do expediente de revisión de oficio formulase no sentido de declarar a nulidade de pleno dereito do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas coa que este Consello Consultivo manifesta o seu parecer favorable.

Sobre os efectos do requirimento de anulación do acordo plenario do Concello de Vimianzo relativo á aprobación definitiva dun estudo de detalle, e á conexión coa revisión de oficio prevista no artigo 62.2 da LRXPAC, cómpre citar a STS do 14 de setembro do 2011 na que no fundamento xurídico 4º se fai unha recensión sobre a procedencia e os perfís da revisión de oficio prevista no artigo 102 da LRXPAC, e a súa incardinación nun caso parecido ao que nos ocupa, referido á nulidade dun estudo de detalle derivada dunha acción exercitada tendente a iso, xa que non é até a modificación operada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, coa introdución no apartado 2, do artigo 102, da LRXPAC, da revisión de oficio das disposicións xerais nos supostos previstos no artigo 62.2 da propia Lei, deixando claro *"que esa posible revisión de oficio das diposicións xerais nulas no opera en ningún caso, como acción de nulidade..: por elo a declaración de nulidade de disposicións xerais regulada no apartado 2 do artigo 102 e tan só de oficio..."*

O día 04.12.2014 os reclamantes presentan un escrito de alegacións no que con diversos argumentos se opoñen á declaración de nulidade, e conclúen reclamando subsidiariamente a cantidade de *"17.747,58 euros, a cantidade que deberá ser debidamente actualizada y a la que habrá que sumarle los intereses legales de aplicación."*

Non obstante, tendo en conta que o estudo de detalle ao que se refire este ditame foi aprobado definitivamente en sesión realizada o día 26.05.2012, entendemos que debe se atendida a alegación formulada polos promotores respecto á indemnización reclamada. Neste sentido, entre outras, a STS do 21 de novembro do 2012, na que se indica que,

*"... efectivamente ha existido un funcionamento anormal de la administración que aprobó un estudio de Detalle no ajustado al Plan General del que deriva, otorgando a los propietarios afectados una serie de derechos y espectativas. Posteriormente en una actuación ajustada a derecho, se ha declarado nula aquella inicial y por tanto conforme al artículo 139.1 y 2 de la Lei 30/92 deberá resarcirse a los particulares de los daños que sean, como indica este precepto, efectivo, evaluables económicamente e individualizados... que no tengan el deber jurídico de soportar..."*

Xa que logo, á vista do disposto no artigo 141 da LRXPAC, en virtude dos principios de confianza lexítima e aparencia de legalidade da actuación administrativa, que mesmo neste caso queda reforzada polo feito de que o requirimento de anulación da secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Infraestruturas se notifica ao Concello o día 16.10.2012 (meses despois do acordo de aprobación), procede admitir o resarcimento dos gastos que a declaración de nulidade do estudo de detalle lles puido ocasionar relacionados cos custos do proxecto, taxas e gastos producidos polo cumprimento dos deberes inherentes ao mesmo cuantificándose en 17.421,80 euros, a non incluírse os gastos do procedemento independentes do resultado (custos dos

anuncios), pois aínda no caso de denegación terían que ser aboados polo interesado.

**CONCLUSIÓN**

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade de todos os seus membros, ditamina:

**"Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire procedendo, non obstante, o aboamento da indemnización a percibir polos reclamantes exposta na consideración quinta."**

E para que así conste, para todos os efectos, estendo o presente certificado en Santiago de Compostela, a catro de febreiro de dous mil quince.

Visto e prace,
O presidente

A secretaria xeral

José Luis Costa Pillado

Ana María López Guizán"

Á vista do disposto no fundamento xurídico quinto (que acaba de ler), formulouse consulta por correo electrónico ao CCG, que respostou o 20 de febreiro de 2015, que se transcribe íntegramente:

**"DITAME CCG 003/2015**

Asunto: Revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012

Relator: Sr. Blanco Serrano

Letrado: Sr. Millán Calenti

Sección de Ditames: 4 de febreiro de 2015

..........................................................................................................

Boas tardes, en relación coa consulta formulada relativa ao ditame CCG 003/15, indicarlle que, efectivamente o ditame, amais de informar favorablemente a revisión de oficio do estudo de detalle ao que se refire, fixa a indemnización que se considera procede recoñecer aos interesados en concepto de responsabilidade patrimonial da Administración.

O artigo 102.4 da Lei 30/1992, establece a posibilidade de que ao declarar a nulidade dun acto se establezan na mesma resolución as indemnizacións que proceda recoñecer aos interesados.

Neste concreto caso os interesados formularon en trámite de audiencia a correspondente reclamación de indemnización cuantificando os distintos conceptos que entenderon oportunos.

A proposta de resolución sometida ao ditame deste Consello Consultivo non contiña referencia ningunha ás distintas contías reclamadas, que non foron rebatidas durante a tramitación do procedemento; tampouco se precisaba que se tivese iniciado un procedemento específico, e diferente, do da revisión de oficio para fixar a correspondente indemnización.

Así as cousas, o ditame procede a avaliar a indemnización con base aos datos dos que dispón, ao entender que esta debe ser contido necesario da resolución que se dite.

**Ben entendido que en este concreto aspecto, o da responsabilidade patrimonial derivada da anulación do acto, o ditame non ten carácter vinculante, podendo o Concello afastarse, motivadamente, do seu criterio.**

Por último lembrarlle a posibilidade establecida no artigo 59 do regulamento de organización e funcionamento deste órgano consultivo de que por ese Consello se solicite a aclaración do ditame no prazo indicado nese precepto.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo."

VI.- Consta no expediente o informe conxunto emitido pola Secretaría e Intervención municipais o 20 de febreiro de 2015, do que se transcriben íntegramente as consideracións xurídicas:

**"(...) III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

***Primeira.- Procedemento e órgano competente.***

A modo de resume, e tendo en conta que foi emitido ditame número CCG 003/15 polo Consello Consultivo de Galicia, de carácter preceptivo e vinculante, o trámite que procede neste iter procedimental é ditar resolución do expediente, e notificar aos interesados con indicación dos recursos que procedan. O ditame do CCG debe transcribirse íntegramente no acordo que poña fin ao expediente.

Cando a revisión se inicia de oficio pola propia Administración, o prazo máximo para resolver son tres meses, e transcorrido o mesmo sen resolver prodúcese a caducidade do expediente. A remisión do expediente ao Consello Consultivo para a emisión do ditame suspende o cómputo do prazo para resolver.

***Segunda.- Respecto da procedencia do aboamento da indemnización polos danos e perxuízos producidos.***

O artigo 102.4 da Lei 30/1992 dispón que *"As AA.PP., ao declararen a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda recoñecer aos interesados,* ***se se dan as circunstancias previstas nos artigos 139.2 e 141.1 deste lei****, sen perxuízo de que, tratándose dunha disposición, subsistan os actos firmes ditados en aplicación dela."*

Os artigos 139.2 e 141.1, incardinados no Título X da Lei 30/1992 (Da responsabilidade das Administracións Públicas e das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo), establecen o seguinte:

Artigo 139.2: *"En todo caso, o dano alegado terá que ser efectivo, avaliable económicamente e individualizado en relación a unha persoa ou grupo de persoas."*

Artigo 141.1: *"Só serán indemnizables as lesións producidas ao particulares provenientes de danos que este non teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puidesen prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de se produciren aqueles, todo iso sen perxuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer nestes casos."*

A este respecto, o CCG considera que *"procede admitir o resarcimento dos gastos que a declaración de nulidade do estudo de detalle lles puido ocasionar relacionados cos custos do proxecto, taxas e gastos producidos polo cumprimento dos deberes inherentes ao mesmo cuantificándose en 17.421,80 euros, a non incluirse os gastos do procedemento independentes do resultado (custos dos anuncios), pois aínda no caso de denegación terían que ser aboados polo interesado."*

Tal como consta na consulta formulada vía correo electrónico ao CCG pola secretaria no día de hoxe, os funcionarios asinantes discrepamos da procedencia de aboar, neste iter procedimental, a cantidade correspondente aos honorarios pola redacción de proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar (10.631,80 euros).

A documentación achegada polos promotores do estudo de detalle xunto co escrito de alegacións presentado o 04/12/2014 con RE 9743, non acredita debidamente o pago dos honorarios pola redacción de proxecto básico e de execución para a construcción da vivenda unifamiliar. Primeiro, porque non consta factura emitida polo estudo de arquitectura ARQO ARQUITECTURA E URBANISMO, S.L.; e segundo, tanto pola data da "nota de pago" achegada (05/12/2011), moi anterior á solicitude da licenza de obras para a construcción de vivenda unifamiliar en Baíñas, que ten lugar o 11/09/2012, coa que se achega únicamente proxecto básico, non proxecto de execución, con data setembro de 2012; como polo concepto de pago que consta no xustificante bancario "orden transferencia proxecto arquit.".

Polo tanto, consideramos que debe admitirse a trámite a reclamación de danos e perxuízos formulada polos promotores do estudo de detalle no seu escrito de alegacións presentado o 04/12/2014 con RE 9743, respecto do pago de honorarios correspondentes á redacción do proxecto de vivenda unifamiliar, a efectos de que, previos os trámites previstos no Título X da Lei 30/1992 (Da responsabilidade das Administracións Públicas e das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo) e o regulamento que o desenvolve (RD 429/1993, do 26 de marzo), se dite a resolución que proceda.

Entendemos que tanto o ICIO (5.820,00 euros) como a taxa urbanística abonada (970,00 euros), que suman un total de 6.790,00 euros, deben ser devoltos de oficio pola administración, non en concepto de indemnización polos danos e perxuízos causados pola revisión de oficio do estudo de detalle, senón á vista de que a solicitude de licenza debe arquivarse inmediatamente despois da resolución deste expediente. Arquivo que lle compete ao alcalde (consta delegación na Xunta de Goberno Local), que no mesmo acordo debe resolver a devolución de ICIO e taxa.

En base ao argumentado, e das propias aclaracións realizadas polo CCG vía correo electrónico *("Ben entendido que en este concreto aspecto, o da responsabilidade patrimonial derivada da anulación do acto, o ditame **non ten carácter vinculante**, podendo o Concello afastarse, motivamente, do seu criterio")* consideramos perfectamente motivado que o acordo plenario de resolución do expediente de revisión de oficio, ademais do estrictamente referente á anulación, conteña o seguinte pronunciamento respecto da responsabilidade patrimonial derivada da anulación do estudo de detalle:

*Admitir a trámite a reclamación de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada polos promotores do estudo de detalle no seu escrito de alegacións presentado o 04/12/2014 con RE 9743, que se tramitará de conformidade co disposto no Título X da Lei 30/1992 (Da responsabilidade das Administracións Públicas e das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo) e o regulamento que o desenvolve (RD 429/1993, do 26 de marzo), con nomeamento expreso de instructor do expediente.*

Isto é o que se informa, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito."

VII.- Consta no expediente a proposta da Alcaldía de data 20 de febreiro de 2015, que se transcribe literalmente:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: resolución do expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012**

Visto o expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o o 26 de maio de 2012, iniciado por acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 14 de novembro de 2014.

Vista a proposta de resolución acordada polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o 3 de xaneiro de 2015, desestimatoria do escrito de alegacións presentado polos interesados, Dª. Milagros Lobelos Casal e D. Carlos Manuel Vidal Redondo o 4 de decembro de 2014, con RE 9743, no trámite de audiencia, e a remisión do expediente ao Consello Consultivo de Galicia o 7 de xaneiro

de 2015 (RS 96) para a emisión do ditame preceptivo e vinculante esixido no artigo 102 da Lei 30/1992.

Visto o ditame número CCG 003/15 emitido polo Consello Consultivo de Galicia, informando favorablemente a proposta de resolución do expediente, recibido o 9 de febreiro de 2015 (RS 994), que consta dun total de quince (15) páxinas.

Visto o informe conxunto emitido o 20 de febreiro de 2015 pola Secretaría e Intervención municipais.

Tramitado o expediente de revisión de oficio conforme ao regulado no Título VII Capítulo I da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC), e emitido ditame polo Consello Consultivo de Galicia (número CCG 003/15), Sección de Ditames, na sesión do 4 de febreiro de 2015, procede ditar resolución do expediente de revisión de oficio no sentido de ***"declarar a nulidade de pleno dereito do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, ao abeiro do disposto no artigo 62.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, polos motivos expostos no requerimento de anulación ditado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012, no informe emitido polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística o 31 de marzo de 2014 e no informe emitido pola Secretaria municipal o 6 de novembro de 2014; documentos que serven de motivación ao presente acordo, aos efectos do disposto no artigo 54 da LRX-PAC."***

Por todo o anterior, elévase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Resolver o expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, de conformidade co ditaminado polo Consello Consultivo de Galicia (número CCG 003/15), en cumprimento do disposto no artigo 102 da LRX-PAC, no sentido de ***"declarar a nulidade de pleno dereito do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, ao abeiro do disposto no artigo 62.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, polos motivos expostos no requerimento de anulación ditado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012, no informe emitido polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística o 31 de marzo de 2014 e no informe emitido pola Secretaria municipal o 6 de novembro de 2014; documentos que serven de motivación ao presente acordo, aos efectos do disposto no artigo 54 da LRX-PAC."***

Segundo.- Admitir a trámite a reclamación de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada polos promotores do estudo de detalle no seu escrito de alegacións presentado o 04/12/2014 con RE 9743, que se tramitará de conformidade co disposto no Título X da Lei 30/1992 (Da responsabilidade das Administracións Públicas e das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo) e o regulamento que o desenvolve (RD 429/1993, do 26 de marzo), con nomeamento de Dona Ivanna Vidal Domínguez, técnico de xestión do servizo xurídico-administrativo, como instructora do expediente.

Terceiro.- Comunicar á secretaría xeral do Consello Consultivo de Galicia a adopción do presente acordo.

Cuarto.- Notificar a presente resolución aos interesados, con indicación dos recursos que procedan."

O alcalde explica que se incoou un expediente de revisión de oficio e foi ditaminado favorablemente polo Consello Consultivo de Galicia, o cal lle alegra porque significa que o expediente foi ben tramitado e a tese da nulidade era correcta.

O Sr. Miñones Riveiro sinala que dende o principio o PSOE se abstivo e van seguir na mesma postura.

O Sr. Soto Pérez sinala que se aprobou un estudo de detalle e despois non sabe porque se fai ese requerimento. Dende o concello douselle unhas pautas, aprobouse no Pleno por unanimidade con informes favorables e despois óptase por aceptar o requerimento e un grupo de concelleiros vota a favor. Pregunta porque se fai con este estudo de detalle e non co da Piroga. Sinala que os promotores teñen dereito a que se lle indemnicen os gastos, e con esto en Baíñas non se vai construir unha vivenda nova, coa falla que fai. Anuncia que se van abster, coma fixeron no Pleno anterior.

O Sr. Silva Jallas di que se van abster.

O concelleiro non adscrito di que van ter a mesma postura, e considera que o responsable de ter que indemnizar a esa familia e o alcalde. Quere que lle explique que ten contra esa familia. Destaca que o Consello Consultivo de Galicia dille ao concello que debe indemnizar, se non seguro que o alcalde non lles devolvía nada. Di que na Piroga non fixo nada. Pide que conste en acta que o responsable é o alcalde e a xunta de goberno local e afirma que a familia contratou ao mellor amigo do Sr. Mancebo a execución da obra.

O alcalde quere aclarar varias cousas. En primeiro lugar, di que o Sr. Rodríguez Blanco minte máis que fala e a xente que estivo na reunión en Baíñas sabe perfectamente o que se dixo. En segundo lugar, sinala que quen aprobou o estudo de detalle foi o Pleno por unanimidade. Afirma que, sendo concelleiro de obras o Sr. Rodríguez Blanco, ao principio do mandato reuniuse co arquitecto municipal e os promotores. Cando o expediente se mandou á Xunta, esta administración requeriu a anulación. Se o estudo de detalle da Piroga non se trae a Pleno é porque aínda non hai sentencia, ou polo menos non teñen coñecemento de que a haxa por parte do avogado nomeado pola oposición. Este estudo de detalle revisouse de oficio porque era manifestamente ilegal. Dalle que pensar que a Xunta de Galicia non se presente para defender os intereses públicos. A Secretaria Xeral de Urbanismo díxolle nunha reunión que o concello ía ter un problema grave e debía buscar unha fórmula para resolvelo, porque eles non eran responsables de que a asesoría xurídica da Xunta non presente o recurso en prazo. Que on diga o voceiro de IxV que o alcalde move os seus contactos na Xunta para ir contra esa familia, ironiza. O goberno municipal aprobou, ao igual que fixo a oposición, porque os informes eran favorables e os enganaron. Anuncia a intención do goberno de esixir responsabilidades aos funcionarios que a teñan. Sinala que no caso da Piroga, cando haxa unha sentencia, darase a coñecer, posto que a día de hoxe non ten información ningunha ao respecto dese procedemento xudicial, e polo tanto tratará de pedirlla ao avogado designado pola oposición. O que é de tolos é o que fai a oposición. Dille ao Sr. Rodríguez Blanco que este goberno non trafica con influencias.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por catro votos a favor do BNG, oito abstencións do PSOE, IxV, PP e concelleiros non adscritos e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

**6. Comunicados oficiais.**

A secretaria da conta do anuncio de aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal núm. 24, publicado no BOP nº 26 do 9 de febreiro de 2015.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

**7. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.**

